

III SEMANA DE CUSTODIA DO TERRITORIO NAS MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO

## Custodia do territorio e conservación: Retos na preservación da biodiversidade mariñán

XORNADA DE VOLUNTARIADO

DOMINGO 21 DE SETEMBRO

### Limpeza de invasoras e lixo na praia da Alameda

O obxectivo desta xornada é eliminar tódolos plumachos (*Cortaderia selloana*) na praia da Alameda (Miño), dentro do espazo natural protexido ZEC Betanzos-Mandeo. Empezamos a arrincalos hai tres anos, pero sempre nace algún das sementes que trae a marea (actualmente hai pouco máis dun cento). Canto máis novos se arrinquen menos traballo custa. Este ano atacaremos tamén outra planta invasora, o eixerón (*Conyza canadensis*), que é doado de arrincar. O tempo que nos quede libre empregarémolo en recolle-lo lixo manualmente, pois nesta praia está presente o raro escaravello das dunas (*Eurynebria complanata*), polo que non é conveniente que se utilicen medios mecanizados.

O punto de encontro será o centro de saúde de Betanzos ás 9:30 para compartir vehículos. Os que queiran ir directamente, teñen que avisarnos de que van polos seus medios e esperarnos ás 10:00 na praia. Para chegar alí hai que ir até a Ponte do Porco, aparcar no entorno dos xardíns, baixar polas escaleiras de madeira á praia e andar pola pasarela uns 200 metros até o punto de encontro.

Convén que leves luvas de coiro, ou no seu defecto de cociña. As follas dos plumachos son cortantes, polo que é aconsellable levar roupa de manga longa e gafas (graduadas, de sol ou de seguridade) para protexe-los ollos. Se tes un *capacho* e un sacho, lévaos por se non chegan os que proporcione a organización. Pensamos remata-la xornada ás 14:00 horas.

Os cativos poden participar na recollida de lixo e no arrincado do eixerón, sempre que vaian acompañados dun maior de idade que se responsabilice deles.

Contamos cos permisos de Demarcación de Costas e da Dirección Xeral de Conservación. O Concello de Miño colaborará no transporte e tratamento dos residuos. A Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos contratará un seguro de accidentes para os voluntarios, polo que se precisan os teus datos con anterioridade (nome e apelidos, DNI, enderezo, móbil e correo electrónico). No caso de cancelar a túa participación, por favor, avísanos para non te esperar inutilmente e aforrar no seguro. Se tés algún tipo de problema de saúde que deba sabelo a organización, por favor, non te esquezas de informar previamente.

Fragas do Mandeo encárgase da organización o día da xornada. Apunta o seu teléfono: **981 105 903**. Ese día estará desviado ó móbil da persoa que coordina a xornada.